



Femmes fatales

Na literatura moderna (e por tal cómpre entender a que naceu co Renacemento) estivo presente ao longo dos séculos a figura da megamasculinidade co mito de Don Xoán. Naceu da pluma de Tirso de Molina cos seus *El burlador de Sevilla* e *Convidado de piedra*. Sen finalidade moralizante, Molière fixo o seu *Don Juan* astuto, cínico e escéptico verbo de Deus; Goldoni definiuno tamén como dubitativo ante o Alén, ademais de posuidor dunha libertinaxe máis relaxada. Laelos desdoubrouno en senllos personaxes masculino e feminino. Mais foi José Zorrilla –un de tantos románticos que trataron o mito, como Pushkin, Byron ou Musset– quen deixou fixado o seu perfil entre nós.

A endémica relegación da muller na sociedade retardou a aparición do equivalente feminino. Negada toda iniciativa erótica ás mulleres, só coa chegada da novela realista unha muller foi quen de seducir. Unha capacidade que estalou como un polvorín coa *Madame Bovary* de Flaubert. Baixo a aparencia dunha aburrida burguesa de provincias, o novelista francés soubo describir con precisión quirúrxica a decisión dunha muller de ser adúltera.

Inspirada na súa propia experiencia amorosa, Virginia Wolf escribiu *Orlando, unha biografía* (1928). Era unha novela escandalosa, daquela, mais a autora non ía de muller fatal. A obra que sacudiu os alicerces do puritanismo americano foi *Lolita* (1955), de Nabokov, levada ao cine seis anos despois por Stanley Kubrick con James Mason, Peter Sellers e Shelley Winters como protagonistas. O tema é a relación entre un home maduro e unha adolescente, capaz de facer con el o que lle peta. Nabokov racha co tabú social, mais non fai senón aboiar unha das principais fantasías eróticas masculinas.

Mais estas protagonistas, Emma Bovary ou Lolita, non son outra cousa que a versión humana do contramito donxuanesco que é a mantis relixiosa. A devoradora perante a cal os homes devenen e perden o si-
so. E mulleres así, burladoras dos
soños masculinos, húbboas na
Historia: Desde os re-

latos bíblicos de Esther e de Xudit, salvadoras do pobo xudeu grazas á súa entrega sexual, deica os Evanxeos, coa morte de Xoán Bautista pola incitación de Herodías tras a danza de Salomé.

Os encantos femininos foron empregados desde sempre para obter información do inimigo;

Triunfo e caída de Mata Hari

JOAQUIM VENTURA

é dicir, no papel de espías. Algunhas, como a holandesa Mata Hari, acadaron a categoría de mito, máis polo impacto mediático do seu fusilamento que pola tarefa que fixo. Tamén houbo artistas que souberon tirar partido da fascinación que causaban nos homes, como foi o caso da nosa Agustina Otero Iglesias, a “Bella Otero.” Vítima dunha brutal violación aos dez anos, trocou o seu nome polo de Carolina e nunca xa regresou a Valga, onde nacera en 1868. Agustina inventou unha orixe de xitana andaluza, máis exótica que a de labrega galega.

Unha vida paralela a da “Bella” foi esoutra da irlandesa Eliza Rosanna Gilbert. Nacida en 1821, pasou a nenez na India (era filla de militar), pero foi educada en Inglaterra. Casada aos dezaseis anos e divorciada cinco anos despois a causa das súas infidelidades, viaxou a España e entrou en contacto co flamenco. De regreso a Inglaterra engadiu María Dolores ao seu nome e comezou unha carreira como “Lola Montez, bailarina española”. A recente aparición do ensaio de James Morton *Lola Montez. A súa vida e conquistas* engádese á biografía *Lola Montez: Unha vida*, de Bruce Seymour (1998). Así, sabemos que no seu debut foi recoñecida. Acusada de fraude, pasou ao continente, onde popularizou o seu baile da tarántula, que non era senón tirar parte da roupa con movementos de flamenco. Foi amante de Franz Liszt e de Alexandre Dumas Fillo e frecuentou artistas como Chopin, George Sand ou Balzac.

Mais o cénit chegou cando Luís I de Baviera a converteu na súa amante, dándolle título de condesa. A lenda negra verbo da lixeira sexual de Lola Montez fixo que o monarca abdicase e a bailarina marchase a California e, temporalmente, a Australia. Dedicou os anos antes de morrer (1846) a crear refuxios para prostitutas. Mais a lenda sempre estará presente: para fantasía duns ou para envexa outras.



Despois de vinte e un anos de andaina, o 2007 conformou unha xeira intensa para os Luar na Lubre. Participación na 37ª edición do Festival de Lorient, xira polo Brasil e presenza no festival "Celtic Connections" de Glasgow (Escocia) son só tres mostras da moita actividade -e da vitalidade- que mantén a banda. Mais o mellor xeito de amosala vén ser aínda a gravación e presentación de *Camiños da fin da terra*, (Warner, 2007), décimo álbum da formación.

Este traballo, que foi presentado por vez primeira ao vivo no Teatro Colón da Coruña a finais de outubro de 2007, constitúe un retorno aos elementos que caracterizan a música dos Luar na Lubre -e de boa parte do folc galego-, cun achegamento á vertente celta da música anglosaxoa, unha so-

para ser o primeiro single de promoción do novo traballo. Quizais lle cumpra a Luar na Lubre entrar na voráxine da industria discográfica -nas guerras dos cánons e dos piratas-, para poder desenvolver o seu proxecto artístico, mais esta aposta non está a impedir

que detrás da promoción e das etiquetas que falan do grupo folc máis importante da península, detrás das 300000 copias vendidas cos traballos publicados no século XXI, haxa abondo máis que o fume que adoito agacha a mercadotecnia. *Camiños da fin da terra* vai

para alén, pois, da reinterpretación de temas ben coñecidos, -o xa mencionado "Os Animais", o tradicional "Pousa" e até o "Gerundula" dos Status Quo- e así amosa a calidade de pezas como "Britonia", -que nos retrotrae ao tempo en que os inmigrantes que

chegaban por mar á península aínda eran ben recibidos- a versión do poema de Celso Emilio, "María Soliña", as muiñeiras de "Danzando nos confíns" -apuntan os Luar que son danzas de vivos no país dos mortos- ou a viaxe musical proposta en "O son das augas."

Non hai grandes nomes, cando menos para o público galego, entre os colaboradores deste traballo, mais si que a nómina inclúe músicos excelentes, caracterizados polo seu vencello co Atlántico, co océano maiúsculo e coa emigración cativa. Tal é o caso, daquela, do contrabaixista uruguaio Diego Zecharías, do arpista italiano, membro de Elfic Circle, Andrea Seki, ou do sudanés Wafir Gibril, quen toca o Ud, un laúde árabe. Todos eles, como tamén os tambores Batá e Cheke-

Tripando os camiños da fin da terra

DANIEL LAVESEDO

Maxia da Lubre



Oa Luar na Lubre na presentación de "Camiños da fin da terra".

noridade que por veces arrecende ao Medievo, algunha aos labores do agro e outras á romaría e mais unha intención clara de facer música xa non dende unha ollada céltica, mais si dende unha perspectiva atlántica.

Catorce temas compoñen o disco, máis un Bonus Track co video de "Os Animais", -gravado nas Torres do Oeste de Catoira e que xa vai polas 125000 visitas no youtube-; catorce historias máxicas, cancións que nos van achegar lendas e misterios dos camiños, paisaxes que falan doutros mundos, onde a natureza se funde coa música. Abre o disco "Os Animais", adaptación dunha vella melodía irlandesa, -popularizada polos emigrantes en Norteamérica xa no século XIX-, tema escolleito



Xa non vai moer máis a moa. Aínda que moitos sigamos a afinar as gorxas cunha cervexa da boa, outros a lles dar sebo as canelas e algún incluso a levar pan de boroa ao bandullo, a festa xa non vai ser a mesma. Agora xa non van estar Os Cempés. O pasado 22 de decembro, na praza Amboage de Ferrol, con artistas convidados e cachelos de sabores varios, o derradeiro concerto fixo soar algunhas das pezas imprescindibles do folc galego dos últimos quince anos. Cancións coma "Sara", "A Sansonette" ou "Moe a Moa" forman parte xa do patrimonio musical dos galegos, tal e como estes músicos as inter-

pretaron, o que lles vale un lugar de honra no noso panorama musical.

Foron cinco discos: a estrea, *Opa iii!!!*, gravado ao vivo en 1996; despois *Capitán Re*, *Circo*

Adeus a Os Cempés

Montecuruto, *Moe a Moa*, gravado "en vigo i en directo", e o compilatorio *Os Cempés. 11 Anos*. Foron tamén moitos os concertos, festa a cito, a sementaren polo mundo adiante estes

ferroláns dende 1995. Agora, novos proxectos e o desexo de se reciclar fan que o grupo decida facer unha pausa no seu camiño: pausa quizais non definitiva, pero si que algo máis que un simple descanso para apañar folgos. Quedan, de certo, Os Cempés coa satisfacción de saberse parte importante da troula de moitos galegos que teñen entre as súas lembranzas algún concerto do grupo, nunha praia das Rías Baixas ou nun prado da montaña de Lugo, e de ter acadado algo tan aparentemente sinxelo -e, porén, tan complicado- como é saber divertir ao público.

ré, achegan a súa mestría ao logo dos diferentes temas do traballo.

A xira que o grupo iniciou na Coruña, en tendo o disco aquela, non ten polo de agora -despois de pasar por boa parte da península e ter saído xa a Alemaña e aos Países Baixos- ningunha data fixada para Galiza nestes primeiros meses do 2008, un espazo onde se arrisca moi pouco -desde a estima dos propios Luar na Lubre- na contratación de grupos folc, que quedan así relegados a actuacións gratuítas, por máis que adoitén encher grandes recintos. Xa que logo, deberemos agardar a poder gozar coa música atlántica ao vivo e a ter que nos conformar mentres coa escoita das cancións máxicas deste *Camiños da fin da terra*.

ENTREVISTA

Como se pode definir ese concepto que Vde. denomina "Nada e contra o que loita o disidente?"

-Non é sequera un concepto, senón unha especie de figura. É "Nada" porque é baleira, porque resulta incompatible coa vida, entendendo vida como descubrimento incesante, como forma de atopar arreo o escuro, o que non acaba de ter un significado definitivo e claro. "Nada" sería a confirmación da apropiación das cousas, e nese momento o que facemos é anularnos como seres existentes e pasar a ser unha entidade capitalizadora.

- É como se o "ter" substituíse ao "ser"...

-Máis que "ter", é apropiarse, porque aquilo do que me apropio é o que me vai constituír como suxeito; pero claro, o que me apropio é unha pantasma, un signo. Roma, Praga, a última marca de electrodomésticos, un amor consumado... son signos que adhiro á miña identidade. E así, a identidade do capitalizador convértese nunha desas maletas que teñen pegadas as etiquetas dos lugares por onde foron. Iso sería a identidade capitalizadora, que está feita de "Nada." Porque o obxectivo desa vida é, precisamente, adherirse, apropiarse; e na apropiación non hai experiencia. O que é máis: anúlase a experiencia. É un "Nada" activo, ademais, que xera diñeiro, que xera actividade, conformidade, autocompracencia.

- Como loitar contra esa ...

ética coa filosófica?

-A linguaxe coa que está escrito este libro está baseada nunha racionalidade iluminada polo padecer; é dicir, que é o padecer, como suxeito do mundo no que vivo, o que fala e o que busca razóns. Pero non é unha razón analítica no sentido máis académico, ou puramente filosófico, a que está no libro. É a racionalidade como manifestación da desesperación na busca do sentido; é dicir, cando non atopas o sentido, cando o sentido foxe permanentemente, a razón actívase. Pero actívase

iso é unha linguaxe que está atravesado pola desesperación, pola melancolía ou polos afectos do que mira e do que escribe.

- Un suxeito que escribe de temas moi variados: paixón e trivialidade; disidencia e melancolía; arte e festa...

-Así é. O libro é moi amplo, pero pódese englobar dicindo que o tema é o existir. Hai unha tentativa de facer confluír unha poética do existir cunha poética da disidencia, que practicamente terían os mesmos compoñentes. Cando comecei a plante-

dándome unha consistencia identitaria que, para min, é completamente fraudulenta. É unha necesidade ética descubrir a mentira da capitalización -a tapar o que non ten solución, o que é traxedia- e darlle a palabra ao que está encuberto. A mercantilización é a lóxica totalizadora á que estamos sometidos, e saír de aí é moi difícil. O que se pode facer, en principio, é loitar contra a necesidade da capitalización e das identificacións, e, en todo caso, contra a conformidade, a autocompracencia que temos respecto do mundo no que vivimos.

- Cousas todas que temos moi, moi asimiladas...

-É que é un mecanismo de dominación tan perfeccionado que as posibilidades de escisión, de saír do círculo do benestar, do círculo da compra do "ser", é moi difícil, porque, en realidade, está baseado en carencias da subxectividade mesma. É dicir, se o individuo por natureza é un ser inacabado e incompleto, o que fai o sistema da capitalización é ofertarlle a posibilidade de que esa carencia quede anulada. Entón cremos; é unha crenza, unha modalidade de fe redentora. Ese é un dos mecanismos que pon en acción este mundo. O outro é o medo; o medo precisamente a non ser nada, a descubrir que somos seres inconsistentes e que nacemos, trasladámonos polo mundo e desaparecemos, e máis nada. Ese baleiro é temíbel, e a nova teoloxía mercantil trata de agachalo, de tapalo.

Xabier Alcalde

“O poeta é o paradigma de ser paixonal, aquel que se expón á vulnerabilidade máxima”



FOTO: ELI REGUEIRA

-Epidemia? Ben, aí hai unha contraposición entre a lóxica do desexo e a lóxica da paixón. A lóxica do desexo é a dominante, a que está baseada na compra do "ser", nun proceso de identificación compulsivo, de gañar identificacións, ou sexa, de gañar capital para un. Pero ese gañar é encubridor dunha carencia fundamental: non podemos acumular, porque non somos nada substancialmente. Precisamente, como somos unha carencia básica, para tapar ese buraco, dalgunha maneira dedicamos a vida a acumular.

- E cal sería a lóxica da paixón?

-É a lóxica que ten en conta que o individuo é un ser único, inacabado, precedidoiro e extinguido. É a lóxica baseada no principio de que todo o que che dá vida, vulnérate, desbáncate, desfai a túa identidade. O ser paixonal é o ser que se expón á vulnerabilidade máxima, e a figura paradigmática é o poeta, que é o que parece que fala no libro. Eu enténdoo como figura de habitación máxima do existir sen subterfuxos, o que non foxe da condición negativa do ser humano, que convive e incluso extrae unha fecundidade permanente desa condición negativa.

- É por iso que na obra mestura a linguaxe po-

Mesturando a linguaxe filosófica coa poética, Xabier Alcalde inténase en Disidencia ferida (Edicións Xerais) nunha defensa do existir como "incompletude, imperfección, desaxuste permanente"; contrario a un sistema que nos anula e que nos converte en "entidades capitalizadoras".

NATALIA ÁLVAREZ

a partir dunha situación de sensentido, dunha situación de padecer, de illamento ou de malestar da conciencia no mundo no que se vive, no que habita o que escribe. É unha especie de linguaxe simbólica, no sentido de que trata de ser expresión do que nos falta ou do que padecemos. É unha linguaxe fronteiriza, cun marcado ton expresivo, ás veces exhortativo, sempre de implicación no que se di, porque, en realidade, é o existir mesmo o que concibo que está sendo atacado por este modelo de vida que temos no Primeiro Mundo. É o existir mesmo o atacado. Entón, o existir é o que fala, o que clama, o que demanda sentido, o que demanda razóns, o que busca, o que analiza; por

xarme en que podía consistir a disidencia, ou que movía á disidencia, fun decatándome de que o que estaba facendo era unha defensa da existencia, do feito mesmo de existir como ser humano que nunca está acabado dende o punto de vista da identidade. Habitar esa incompletude, ese desaxuste permanente... iso é existir. Pero este mundo non permite ese existir como tal, e a conciencia de que non se pode vivir, no sentido que digo, é o que en todo caso está impulsando a disidencia.

- É optimista canto a posíbeis solucións?

-Non as concibo a curto prazo. En todo caso, do único que me quero facer cargo é de tratar de entender como me engana o mundo no que vivo

- Cando comezamos a sentir ese medo?

-Tes que preguntarlle aos adolescentes, que saben moito diso. En todo caso, algo de adolescentes temos todos, no sentido de que este mundo -e ao mellor aí hai unha certa esperanza pola vía negativa- fabrica adolescencia, porque fabrica ilusión; ilusión inconsistente; é dicir, espellismos. E os adolescentes, se por algo se distinguen, é porque desexan dunha maneira desmesurada, e sempre percibes que neles hai unha desproporción absoluta entre a ilusión do desexo e aquilo que desexan, no que poñen un grado de redención, unha expectativa enorme. Esa ilusoriedade está trasladada hoxe a toda a sociedade. E co medo sucede o mesmo. Na adolescencia, o medo tamén é desproporcionado, e esa desproporción está trasladada hoxe a toda a sociedade. Por outra banda, o positivo da adolescencia é a crise; e ao mellor sucede que este modelo de vida, chegado un momento, daremos con experiencias críticas cada vez con máis frecuencia. Esa é unha posibilidade de esgazadura. Porque, en realidade, é unha forma de sometemento, e o sometemento pode durar, pódese aturar, pero xera padecemento, xera dor; e respecto á dor, todos temos un índice de tolerancia.

Da maré salgada

Todos os poetas buscan a súa voz pola vida e as palabras, polos recantos da cidade ou por entre as agrestes escumas dos mares que sacoden a terra. Modesto Fraga (Fisterra, 1974), coa humildade do nome e a exuberancia do apelido, vai indagando no seu propio eu para atopar a súa voz persoal no xa rico panorama das letras galegas do noso tempo. Agora vén de publicar *Derrotas con raíces* dentro da nova colección "Edoy Leliadoura" que, dirixida por Xesús González Gómez, pon nos andeis nas nosas librerías a editorial compostelá Sotelo Blanco.

O volume divídese en seis partes, precedidas dunha homenaxe a Luísa Villalta. A primeira delas, a máis coherente, mantén un pulso coa memoria das vivencias, pois, non o esquezamos, a arte é un acto persoal contra o esquecemento. Por iso re-

Exaltada autenticidade

ROMÁN RAÑA



A través deste verso imos achando a constante de moitos outros: a habilidade métrica, o ritmo frondoso do alexandrino ("ninguén agás a sombra dos pasos nos miraba"), o hendecasilabo ("coa patria que nos medra entre os cabelos") e tamén o heptasilabo ("Sabía que me amabas"). Tamén o ton conversacional da mellor tradición poética española da chamada *poesía da experiencia*: "Seino: talvez soñamos oasis diferentes. O tempo é un sentido que nos arrastra."

A segunda parte contén tres poemas mariñeiros moi emotivos. Aquí a voz de Modesto Fraga adquire

sulta conmovedor escoltar o poeta que di: "Na luz non queda nada se ti xa non a habitas."

un plus de exaltada autenticidade cando se fala do mar e as palabras se inflaman de verdade. Os termos navais, a musicalidade náutica, son claras marcas do tremor da empatía. A terceira sección é máis diversa, pasando do rexistro da intimidade ao compromiso coa causa palestina. A cuarta sección alberga cinco textos que constitúen cinco homenaxes. A quinta e a sexta partes van perfilando un camiño do que poderíamos chamar poesía comprometida, erixindo o canto en materia de denuncia, en recuperación da memoria histórica, en plasmación da ira ante a impiedade e ante a inxustiza.

Libro, en fin, onde vence a indignación, mais tamén o fervor polas xentes do mar e onde fulguran, de igual modo, o fascinado erotismo do corpo feminino, da experiencia do amor, da maré salgada de dous corpos.

FRAGA, Modesto, *Derrotas con raíces*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2007, 109 páxinas.


Novela iniciática

Con exceso de dozura

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

Unha rapaza con vocación de xornalista trabala amizade cunha esmoleira que arrastra unha obsesiva ferida de amor (ou é manía, ou noto que esta situación se repite nas novelas que ultimamente chegan ás miñas mans). Neste caso, Lucía rememora, durante a viaxe en tren que a leva á universidade -á vida adulta-, a relación que nos últimos meses entablara con Soa,

primeira vagabunda que se asentou na praza onde ela vivía (logo virían máis e habería disturbios e traxedias). O afán da nena por entender os indixentes contrasta coa reacción doutros veciños, que os consideran un perigoso estorbo. Mais Lucía, toda sentimento, ollaba con curioso respecto -e coa sensibilidade exacerbada dunha cronista adolescente e de bo corazón- o ir e vir dos que se reunían arredor da estatua, daquela estatua que representaba unha vendedora de mistos e que esculpíra, anos atrás, un esfameado artista francés. A esmoleira pasaba o tempo a fitar a figura, e mentres Lucía a observaba, Soa tamén se decatara do seu interese por adentrarse noutros mundos, no territorio sempre descoñecido das vidas alleas; aínda máis: en segredo, escribía para ela un diario no que lle explicaba as razóns que a levaran a vivir na rúa e, en concreto, a recalar naquela Praza dos Mistos: unha increíble historia de amores non correspondidos, que ligaba a Soa co escultor francés, coa estatua e mais cun delincuente habitual do lugar. Mentres avanza o tren, as lembranzas de Lucía e as voces que garda no seu magnetofón intercálanse coas páxinas do diario de Soa e cos artigos sobre a mendicidade que -nun ton bastante cursi- Lucía escribe para o xornal do instituto. O seu idealismo inxenuo, porén, aspira a convertirse nunha voz de denuncia que pide comprensión, nunca compaixón, para os diferentes. A fin de contas, todos habitamos na nosa propia illa. Soa unha canción de Los Rodríguez. A novela péchase cun breve dossier de prensa que recolle noticias relacionadas cos sen teito.



O relato -galardoado este ano co Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil- respira convencións de novela iniciática, mais, se cadra, o exceso de dozura eslué a forza das aristas da vida -onde son frecuentes as mudanzas, tanto elixidas como inevitables- e crea personaxes demasiado ideais nos seus papeis.

ALFAYA, An, *Illa Soidade*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 124 páxinas.

Bingo, performance

Parodia, ironía, humor

MARGA ROMERO



Se hai libros que teñen títulos acertados, este de Pilar Beiro pode ser un deles: *Bingo*. Palavra que nos leva a este(s) tempo(s) de "post", onde a economía e a felicidade pende da sorte de cantar liña, bingo ou nada. Sorte é a de contar cunha nova colección de poesía que (re)nace, "Edoy Leliadoura" -que evoca aquela magnífica "Leliadoura" coa que descubrimos á "Xeración dos 80"- a presentar seis libros de vez, de olladas diferentes, boa mostra do momento actual. Pilar Beiro ofrécenos, entón, unha destas primeiras olladas; os lectores e lectoras de poesía agardabamos unha nova entrega da poeta que nos regalara xa *Hinterland* (Edicións Positivas, 1999), e á que só puidemos volver ler no libro *Xuro que nunca volverei pasar fame* (2003) do colectivo de intervención sociocultural das Redes Escarlata. Gustáranos *Hinterland*, un volume que apelaba á intelixencia, cun último texto "Autopoética" e cunha última palabra "memoria". E gústanos *Bingo*; sobre todo pola ironía, a parodia e o humor:

ar - mas coas que se reconstrúe coa palabra a realidade de que nos envolve, á inmediata, que depende da economía. *Bingo* é un libro que nos ofrece poesía (e historia) re-visitada e

res-crita: a de Pondal, desde a que se resucitan personaxes, o pobo xeneroso; a popular, coa imaxe das lavandeiras, a alba, quizais aquela muller que tivo que botar man da xustiza pola man en "Ríos e Fontes". Unha poesía na que se di: "Foime caendo o escuro arume arpeado (noutro código)". Gústanos es-

toutros códigos, "Moitos versos apañei no Medulio! Que deforestación!"; alédanos esoutra óptica e a transmisión dela, a crítica feminista, que sempre é política. É duro que se converta nunha

verdade o berro "FEMINISMO OU MORTE; ve-laí, as mortas da prensa e a necesidade de que a poeta se lle pida poñer "a hostia en verso" para o 25 N. Tamén gozamos porque aínda "veñen as de Carnota facendo esquí acuático sobre o idioma." (Son eses eses delongados os que sosteñen o desexo/ os mesmos cos que arredas da túa cara o cabelo revolto/ para mellor te ver)."

Bingo tamén está emparentado cos gozos e co sexo, até chegar á teoría Queer, a ese "Manual de Economía Política", "centrado, o estudo, na teoría do valor en Marx e Engels e na súa posterior dilapidación". Como se di: "Debe ser rescatado dos andeis onde pon POESÍA/e abeiralo alí onde se le:/Disidencia e Fin".

Bingo é unha performance, "un filme de catro horas polo menos". Un libro que recupera para a poesía galega a Ulrike Meinhof. Léano Vdes. con parodia, ironía e humor.

BEIRO, Pilar, *Bingo*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2007, 88 páxinas.

LIBROS

Fermosa utopía ecoloxista

Cando a natureza protesta

MONTSE PENA PRESAS

Unha xornada calquera, en doce puntos dos diferentes mares do planeta aparecen grupos de golfinhos en círculo e estáticos, semellando afogados, mentres emiten á vez secuencias idénticas de sons. A comunidade internacional tenta pescudar no sentido de tal disposición sen conseguilo e sen chegar a atopar nunca unha explicación oficial axeitada. Un dos encargados de axudar aos arroaces na súa

f i n ,

habilmente o enigma que formula, valéndose dun cientifismo que non peca de excesivo, que está perfectamente entretecido con outras partes da narración e que semella moi oportuno para soste a denuncia do desleixamento humano fronte á Terra. Compartindo prioridade cos datos analíticos, a estrema sensibilidade é un compoñente fundamental destas liñas, xa que resulta fundamental tanto para afrontar a figura de Jonhatan e entender a relación deste con Rafael, o seu pai, como para describir minu-

mo imperante, namentres chama á rebelión silenciosa, á acción responsable individual.

En consonancia con isto, a novela está composta a partir dun narrador omnisciente principal (coa intención de fornecer a información máis obxectiva e de dotar á ficción dunha visión xeralista dos acontecementos), que

CERNE DA
NARRACIÓN RADICA
NO CRUZAMENTO
ENTRE OS SOÑOS E
AS PREDICIÓNS

deixará paso a narradores secundarios en primeira persoa (Rafael, o químico Dimas Piñón, ou o científico Michael Junk), que permiten ao autor focalizar a historia de interese global no contexto galego, centrándoa así no personaxe principal e no seu ámbito. A denuncia comeza así pola nosa contorna inmediata, partindo da empresa Rioindustrial (na provincia de Ourense), mais logo abranguerá o aspecto global (hai outras tres factorías no mundo que emiten gases nocivos). As faíscas das acusacións dos atentados contra o medio natural salferirán tamén ao mundo do xornalismo (responsable do silencio e da desinformación imperante) e, sobre todo, aos gobernos estatais por ser permisivos con estas actuacións.

Se ben a narración ecoloxista foi aínda relativamente pouco transitada pola literatura xuvenil galega, *As flores radiactivas* de Agustín Fernández Paz e *Mutacións Xenéticas* de Finna Casalderrey son claros antecedentes da obra de Castro. A fundamental diferenza d'*O ceo dos afogados* é que o seu cerne se compón do cruzamento entre diferentes soños e predicións: a predición da rebelión dos animais, como resultado do desdén secular; o soño dunha comunicación perfecta entre o natural e o humano; a predición dun futuro enchido de contaminación e o soño de que aínda se está a tempo de cambiar ese porvir.

CASTRO, Francisco, *O ceo dos afogados*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 182 páxinas.

Texto polifónico

Memoria e diálogo xeracional

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

A novela gañadora do Premio Blanco Amor 2006, *Mentres a herba medra*, pretende ser unha mostra representativa da actual narrativa de formato longo. Novelas nas que o lector xa non recibe unha mensaxe claramente expresada por medio da introdución, o nó e o desenlace, senón que, pola contra, é empuxado a penetrar nunha sorte de labirinto que quere ser suxestivo. Xa non é fundamental a narración de accións ou dunha serie de episodios que acontecen a través do tempo. Algo semellante acontece coa súa temática. A novela nos nosos días estase a converter no estudio da alma humana, das relacións sociais, en reflexión filosófica, en testemuño polémico. Tamén nunha sorte de barómetro para medir "o tempo xeracional", o aire dunha o de varias xeracións. Soamente tendo en conta algunhas destas coordenadas, resulta lexítimo catalogar e valorar como novela a última entrega de Xesús Rábade Parades, pois, se a algo aspira *Mentres a herba medra*, é a presentarlle ao lector unha visión do mundo, á marxe deses elementos estruturais canónicos e tradicionais.

NOVELA DE TESE
SOBRE A QUE
PAIRAN MOITOS
IDEAIS E NON
POUCOS
REXEITAMENTOS

En efecto, *Mentres a herba medra* é unha verdadeira saga familiar, mais o que o seu autor nos relata non son os aconteceres da súa estirpe, senón o "aire familiar, as ideas, sensacións e experiencias de tres xeracións sucesivas da mesma familia, confrontando así as visións do mundo dos avós, dos pais e dos netos/filios. E á vez, as da Galicia rural, espazo dos avós e en parte tamén dos pais, e as da cidade na que medraron os máis novos. Todo iso coa pretensión de facernos presente desde unha fabulación que se nutre de moitas experiencias vividas, a actual sociedade galega.

Un narrador en primeira persoa que se converte tamén en protagonista e

que non se afasta demasiado da conciencia individual do propio autor, segundo podemos ler no mesmo texto ("Autor e narrador son algo siameses e dispútanse o espazo da palabra"), testemuña o encontro e o cruzamento das tres liñas xeracionais, cos seus universos, os seus soños e traxedias. A dos avós que viviron e foron vítimas do tempo da tiranía, anos de gavia e cemiterio; a dos pais q u e

Novela de historias cruzadas, de permanente diálogo crítico e memorialista entre xeracións e entre as dúas Galicias, a urbana e a rural, que no relato soamente aparece evocada. Novela de tese sobre a que pairan moitos ideais e non poucos rexeitamentos. A prol da tolerancia, do pensamento diverxente, da recuperación do río da memoria, do rescate das palabras. E contra os fanatismos, os penedos arestados das ideoloxías e dos dogmas, contra os que quere gobernar a



será Jonhatan, un mozo de quince anos cun síndrome que os especialistas non logran determinar, que o incapacita para comunicarse con soltura coas persoas, mais que lle facilita o entendemento con outros animais. Este é o interesante argumento da última novela de Francisco Castro para o público adolescente, *O ceo dos afogados*, que afonda nunha utopía ecoloxista na que os animais toman a palabra para denunciar as agresións ao planeta.

A partir desta trama, o autor consegue desenvolver

ciósamente, conseguindo emocionar, a relación nai-fillo que se establece no encontro entre o protagonista e a loba (que nos traslada ineludiblemente a certas escenas d'*O libro da selva*). Mais a sensibilidade é tamén determinante á hora de comprender o sentido último da obra, que crítica a soberbia humana en relación aos outros seres cos que compartimos espazo e que fai unha férrea defensa da natureza fronte ao mercantilismo



naceron baixo o tufo balorento da posguerra e na ditadura moralizante dos cregos, con moitos soños pero pouco vagar para soñalos. Finalmente, a xeración dos novos que ocupan no relato un lugar privilexiado e que aparecen retratados dun xeito positivo. Son rapaces moi concienciados, que len a Wittgenstein ou a Cioran, goréntanlles as palabras que usan os seus avós para cifrar o mundo. Tamén as noites de Santiago, mais non lles chama a atención nin o botellón nin as discotecas. Mozos tan armados de pensamento crítico que quizais non representan de forma cabal a actual mocidade galega.

vidados demais e levan arraigado un inquisidor dentro de si.

Texto polifónico, cun fondo rítmico de jazz, cun macro protagonista colectivo -e cuxa estrutura reside na sucesión de planos e imaxes-, cun código lingüístico moi selecto e cunha armazón estilística de grande calidade. Como mostra, esa herba que xa xorde no título, metáfora de todo renacer.

RÁBADE PAREDES, Xesús, *Mentres a herba medra*, Ed. Galaxia, Vigo, 2007, 199 páxinas.

O novo proxecto expositivo de Darío Basso (Caracas, 1966) *Algoritmi dixit...*, presentado actualmente na Fundación Luís Seoane d'A Coruña e que se pode contemplar até o mes de marzo, incide nalgunhas das preocupacións constantes do artista galego, que propende a inmiscirse en contextos xeográficos ben desemeillantes para captar deles aspectos vitais e culturais nucleares e proxectalos plasticamente por medio dunha pintura na que o expresivo e o sógnico teñen un papel fundamental.

de presupostos fortemente conceptuais mais que estes non lle serven para esquecer o carácter visual e táctil do feito pictórico, ben pola contra, exacerba ambos, forzándoos, como forzada está a súa estrutura, 23 pezas de 430x260 cm cada unha de tea de jaima cairota, que serven para crear un espazo expandido que, lonxe dun sentido puramente abstracto, remite a situacións referenciais, patróns xeométricos que utilizan teselacións matemáticas e serven no seu contorno habitual para protexer e decorar edificios en construción.

PINTURA DE FORZA INTENSAMENTE COLORISTA, CUN SENTIDO DE MARCADA ALEGORÍA



Trátase dunha pintura que fala por si propia, de forza intensamente colorista, funcionando cun sentido marcadamente alegórico. Certamente podemos facer unha lectura da obra, un intento de desciframento consonte cun código (o título, o reviramento do material, a súa situación espacial...) que nos acaba por situar no territorio da tradición —das tradicións—, do que coherente coido que a artista non quere fuxir, senón que pretende que o referente “signifique”, que se faga presente. Neste contexto é evidente que o título actúa como marco de resonancia que abre vías aos sentidos



Nesta ocasión a espoleta da proposta, como el mesmo sinala, é o encontro entre Oriente e Occidente, reproducindo sobre teas os teoremas pitagóricos, recuperados por Abu Yá'far entre os anos 800 e 825 na súa obra *Quitab Al Jabr Al Mugalaba* e traducidos ao latín na Europa Occidental por Fibonacci bastante tempo despois, no ano 1202, texto que comeza coa expresión *Algoritmi dixit...* e co que se insire no noso contexto cultural o concepto de cero e mais o sistema de numeración hindú.

A proposta de Darío Basso, concretada nunha instalación que envolve o patio da Fundación e uns vídeos con imaxes de proceso de elaboración e música de instrumentos exipcios, comparte intensas semellanzas na intención e nos procesos de creación, con traballos anteriores, como os realizados en 1999 na selva venezolana, inspirados no traballo do botánico Humboldt, xa que nos dous casos fan referencia ao espazo físico e cultural, mais tamén teñen moito en común no tratamento da cor e no sentido envolvente, de mergullarse nunha realidade de intensa suxestión.

En *Algoritmi dixit...* podemos observar cómo a artista traballa des-

Darío Basso na Fundación Luís Seoane

 CARLOS L. BERNÁRDEZ

Algoritmi dixit...



Na tradición formal da “action painting”, mais cunha intencionalidade desemeillante, Darío Basso pretende “expresar” máis que “representar” no sentido de que a súa pintura se estende pola tea con carácter expansivo, como indica o crítico David Barro no catálogo da mostra. O seu fluir de fíos e manchas non é puramente casual e desordenado, o pintor escolle cores, cantidades e dirixe o xesto para nos transportar a un mundo que é tamén unha porta aberta ao coñecemento de aspectos fundamentais da nosa esencia cultu-

ral, tendendo pontes co mundo árabe, no que a non figuración, a abstracción é parte da identidade cultural e da expresividade cotiá.

Expresión e Representación

Cómpre sinalar por último que a mostra de Darío Basso consta, alén das pinturas sobre tea que ocupan o patio, de dous vídeos proxectados simultaneamente; un que recolle fotograficamente todo

o proceso creativo, realizado por Javier Domínguez e outro con imaxes en movemento do traballo do artista coa pinturas que son mostradas na exposición, que montou Jorge Negrete. A música redondea o proxecto; composta polo saxofonista e compositor Gautama del Campo (Sevilla, 1967), realizada para ser interpretada con instrumentos primitivos como o nay exipcio, conseguindo que nos debrecemos de vez nun ambiente envolvente e nunha atmosfera de inconfundíbeis ecos orientais e ancestrais.

posíbeis da obra, pero sobre todo a obra deixa aberta a emoción dos sentidos, a posibilidade de captación primaria e intuitiva do espectador.

Mais o traballo do artista supera a simple dimensión pictórica xa que inserido nun ámbito arquitectónico —o patio da Fundación— este muda e modifícase conformando unha realidade diferente, envolvido e dotado dunha expresividade nova, dunha forza plástica e icónica, que altera a construción, que establece un diálogo novo coa propia función do edificio como contedor, coa súa propia funcionalidade. O bidimensional é o espazo da ficción e rompelo achégao a nós. A modificación do marco dá unha sensación de explosión expresiva.

O conxunto funciona, pois, como ámbito de comunicación porque unha vez dentro o espectador é enleado no espazo creado, mais pode dirixir a súa visión, permitindo que as expectativas do espectador non sexan totalmente anuladas e que este poida mergullarse libremente nestas peles que gardan e proxectan a memoria cultural en densas camadas de pintura superposta, coa súa diversidade colorística e lumínica e a multiplicidade de trazos.

INFANTIL/XUVENIL

Perfecta simbiose

Sobre o orixinal en inglés "Do you want to be my friend?" de Eric Carlé artella Xosé Ballesteros *Queres xogar comigo?*, un volume que Kalandraka Editora vén de publicar na colección "Tras os montes", dirixíndose deste modo aos primeiros lectores que atoparán na estrutura sinxela e repetitiva unha forma de entretemento no que constitúe unha simbiose perfecta entre texto e ilustración.

Tras a preceptiva presentación, fai a aparición o rato protagonista da historia e un adianto do que os nenos atoparán na páxina seguinte e sobre un fondo, basicamente branco, discorre un camino verde e continuo -que pode simbolizar a vida ou no seu caso o paso do tempo-, e sobre el as figuras limpas e as insinuantes para que o neno nunha invitación ao xogo acompañe o pequeno roedor e adiviñe cal é vai ser o seguinte personaxe.

A historia, sinxela na súa forma, posúe tamén un interesante trasfondo en canto a valores se refire,

Cun meditado
contraste

MARÍA NAVARRO



xa que as respostas que dan os diferentes animais cos que o personaxe principal se vai atopando, ademais de servir de excusa para non xogar co rato, cumpren unha dobre función: amosar características e sons

proprios de cada animal e reiterar pola sucesión de esceas-situacións, comportamentos máis ca reprobables ao antepoñer o benestar persoal ao desexo do outro. Mais o final feliz achega aos rapaces unha idea positiva da historia: por fin despois de moito buscar e preguntar a animais de gran tamaño dá cun das súas dimensións disposto a satisfacer as súas ansias de xogo.

Dende o comezo da historia, percíbese un meditado contraste que, por unha banda, capta a atención do receptor e por outra serve para introducir conceptos coma o tamaño, a forma ou mesmo a cor, facendo deste modo que a proposta literaria e plástica se convirían nun interesante exercicio, valioso non só polo que amosa senón tamén polo que encobre.

Unha vez máis podemos comprobar coma o xogo en calquera das súas modalidades, como suxeito activo ou pasivo, baixo a forma máis novidosa semella unha opción ideal de/para aprender.

CARLÉ, Eric, *Queres xogar comigo*, Ed. Kalandraka, Pontevedra, 2007, 40 páxinas.


Aparencia popular

Xerardo Quintiá (Friol, 1970), logo das súas aportacións á literatura para os máis novos, é merecedor xa dun nomeamento especial neste eido e cómpre salientar a súa contribución á ruptura cos tópicos e cos personaxes estereotipados que moitas veces enchen as páxinas infantís. Se en *Ke-Tumba Ke-Tamba* escollía un membro dunha tribo de indíxenas que non tiña nada en común co xeito de vida salvaxe que levaban os seus compañeiros, agora, en *Titiritesa*, volve teimar en romper co establecido e desta volta será unha princesa a encargada de afastarse da vida preparada para ela, unha vida convencional que nada ten que ver co que a protagonista agarda do seu futuro.

Como se dun conto tradicional se tratase coñecemos a Titiritesa, ao rei tartufo e á raíña Mandolina, quen habitan felices no reino de Trasantonte até que a raíña, farta dos comportamentos pouco axeitados da súa filla, decide contratar unha institutriz que guíe a princesa até o intre do seu casamento con algún persoeiro relevante. A pequena princesa, incapaz de aturar esa situación,

Para alén dos tópicos

PAULA FERNÁNDEZ



fuxirá, e será esa unha viaxe de madurez na que atopará unha serie de personaxes que se converterán nos mellores amigos, nos perfectos compañeiros de aventuras e mesmo estará entre eles a persoa que ela escolla para compartir a súa vida.

Desta maneira, baixo a aparencia dun conto de inspiración popular, o autor artella un texto rupturista valéndose dunha serie de ingredientes que o afastan dos tópicos ao escoller unha princesa rebelde, incapaz de vivir nun mundo estereotipado cheo de convencións sociais onde ninguén ten en conta os seus desexos, e capaz finalmente de fuxir de todas as regras establecidas que a rodeaban para casar con outra muller.

Abórdase así o tema da liberdade á beira do da homosexualidade feminina dentro dun modelo anacrónico, conservador e pouco respectuoso coas diferentes opcións sexuais como é o monárquico, con naturalidade e inocencia, aínda que deducimos unha crítica social dura, e faino ademais sen formalismos e sen un didactismo excesivo que podería estrañar os lectores, e desviar a súa atención dun texto divertido, dinámico e cheo de episodios humorísticos.

QUINTIÁ, Xerardo, *Titiritesa* (Ilustr. Mauricio A. C. Quarello) OQO Editora, Pontevedra, 2007. 42 páxinas.

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

Amor de tango

M^a Xosé Queizán

Edicións Xerais. 189 páxinas

A autora presenta unha novela que reconstrúe o Vigo da república e da represión franquista a través dos recordos de Margot, unha das protagonistas. É a novela das mulleres que durante os esperanzados anos 20 e 30 foron rapazas activas, ilusionadas e decididas a descubrir o mundo. É a novela das traballadoras que esper-

taron á vida naquela urbe pioneira, atlántica e liberal que era o Vigo de preguerra. É a novela das obreiras das fábricas de sardiñas, estreitamente ligadas ao desenvolvemento industrial da cidade. Historia miúda e persoal, e retratos construídos desde un eficaz realismo, constitúen os eixos sobre os que gravita este fermoso relato.




Oda ás nais perennes...

Moncho Iglesias

Edicións Positivas. 47 páxinas

Este poemario está feito de palabras berradas de entre burkas de formigón e oracións rezadas nos ocasos dos días sen música. "ladaíña de angustias prostradas ante as apostas pecadoras, algunha vez plausibles entre ovintes mudos sentados en cadeiras de oliveiras. Unha oda escrita en pargame-

os, coma epitafio aos nenos caducos de mente perenne. Este é o primeiro libro en galego de Moncho Iglesias, que reside en Belén por motivos de traballo. Nas súas páxinas o autor plasma as súas vivencias de cada día e reflicte as inxustizas que padece un pobo asoballado pola irracionalidade.




Luz de sombras

Luís Rodríguez Cao

Edicións Laivento. 43 páxinas

Esta obra de teatro vén ser a historia dos eternos perdedores, os desencantados, mesmo a de aqueles que tentaron construír unha vida, a súa propia, transformando a vida dos demais. Esa idea é recorrente no autor, unha especie de disonancia cognitiva, un erro metodolóxico. Luís Rodríguez

Cao declara que dende hai tempo ven tentando reflexionar sobre o proceso de autodestrución persoal: a atracción morbosa da caída e a posibilidade última de redención. En *Luz de sombras*, resultado desa reflexión, nove personaxes loitan por sobrevivir e non perder a súa identidade.



Contos de Reis e de Nadal

Miguel Vázquez Freire

Edicións Xerais. 120 páxinas

En *Contos de Reis* hai nenos aos que os Reis Magos nunca lles traen o que piden; nenos que cando chegan os Reis Magos aínda están espertas, e nenos, coma Xandro, que pese a que os Reis Magos si lles traen o que lles piden só son felices cando comparten os xoguetes con outros nenos que teñen menos. En *Contos de*

Nadal hai mulleres que foxen da guerra e da fame e queren que o seu fillo naza en Europa; e hai homes que constrúen de novo a súa cada vez que unha bomba a destrúe. Sete contos, escritos co clasicismo narrativo do conto emotivo, sete portelos para construír un mundo máis solidario e feliz dende a infancia.



O concepto de *dramaturxia* conduce a dous territorios complementarios, pero diferentes. Xa o explicaba G. E. Lessing ao falar de *dramatiker*, ou escritor de textos dramáticos, e de *dramaturg*, aquela persoa que se ocupa de facer as adaptacións necesarias para que un texto se acomode aos principios da enunciación teatral, que non é a mesma que a enunciación dramática. Esta última figura, o *dramaturg*, desempeña diversas funcións: lectura de textos, traducións, versións, estudos sobre un autor ou unha obra, estudos das postas en escena dun texto... Nós falamos de dramaturgos, mulleres e homes vinculados coa autoría, e logo de dramaturxistas, que son os axentes da versión e da transformación. Cando dicimos *dramaturxia* tamén poderíamos dicir, con Lubomir Dolezel, transdución, en tanto esta sexa un proceso de recepción, interpretación e conversión de signos e sinais para iniciar un proceso de reacción. Pero a transdución non sería unha mediación senón unha verdadeira creación. Sempre implica a elaboración dun modelo de espectáculo ao que o equipo artístico, coordinado desde a dirección de escena, lle vai dar unha dimensión formal e histórica, noutra fase do proceso de creación no que interveñen elementos de significación moi diversos.

Hai algúns anos, a editorial Galaxia editaba un texto de Bert Cardullo, *Leccións de dramaturxia*, no que se presentaba unha panorámica das diferentes concrecións a que ten dado lugar o exercicio profesional do dramaturxista, prestando especial atención aos países nos que os teatros contan cun departamento de dramaturxia, como acontece en Europa Central; tamén fai referencia aos teatros dos países nos que existe unha "asesoría literaria", que se ocupa de funcións similares. Son, precisamente os teatros, coas súas compañías estables e coa súa produción anual diversificada, os que permiten que se promovan novas dramaturxias. O exemplo do Royal Court de Londres pode ser un exemplo das estruturas necesarias para apostar por valores novos. En moitos teatros as funcións de dramaturgo e de dramaturxista recaen na mesma persoa, o que permite potenciar a formación no posto de traballo.

Adaptando a Shakespeare ou a Chekhov tamén se aprende enxeñería, pois dramaturgos e dramaturxistas son enxeñeiros do drama, os primeiros desde a creación e os segundos desde a manipulación. No seu traballo utilizan conceptos, procedementos e recursos moi variados, que proveñen de diferentes campos, sobre todo dos estudos literarios. O concepto central de trama foi desenvolvido polos formalistas rusos, colectivo de filólogos agrupados en torno ao OPOJAZ e ao Círculo Lingüístico de Moscova. Despois viría o Círculo de Praga e os estruturalismos. O potencial heurístico dos estudos

lingüísticos, retóricos e poéticos complementábase coas achegas de disciplinas que, aos poucos, van sistematizando o seu facer, o seu saber: interpretación, dirección...

Calquera proxecto de dramaturxia ten como finalidade última o deseño dun espectáculo virtual, sexa na dimensión global, sexa na textual. En consecuencia, entre os seus procesos está aquel que promove unha plena comprensión do texto, o que esixe a súa descrición, análise e explicación, fase fundamental da creación escénica, con frecuencia esquecida ou pouco valorada que incide negativamente na elaboración do espectáculo. Por iso traballos como este, que nos presen-

Afonso Becerra de Becerreá teñen un enorme valor. En efecto, *Dramaturxia. Teoría e práctica* constitúe unha excelente introdución aos procesos de análise e interpretación da dramaticidade nos seus elementos distintivos. Describe ese proceso

básico de esexese que, na creación escénica, nos ha levar a unha nova fase de configuración textual. Por iso, este magnífico volume esixiría un novo traballo que o complementa, que mostre eses procesos de adaptación e transformación que permiten configurar o que vai ser o texto do espectáculo, ou o propio espectáculo na súa dimensión virtual.

BECERRA DE BECERREÁ, Afonso,
*Dramaturxia. Teoría e
práctica*, Galaxia, Vigo,
2007, 325
páxinas.

Enxeñería dramática

Unha introdución á dramaturxia

MV GARCÍA

t a



Manual
de referencia

Este volume, titulado *Dramaturxia. Teoría e práctica*, débese entender como un manual de referencia no comentario de textos dramáticos desde esa perspectiva primeira que nos permite afondar na comprensión dos mundos dramáticos que toda obra configura, no plano da forma e no plano dos

contidos. Consta de once capítulos nos que Afonso Becerra presenta os elementos fundamentais do texto dramático nunha dimensión teórica, coa que define conceptos básicos, pero tamén na dimensión práctica, en tanto os conceptos se aplican, con procedementos moi diversos, a textos concretos. Despois de varios capítulos dedicados a establecer un marco teórico e disciplinar, o autor propónnos unha longa inmersión na textualidade dramática, centrada no discurso dos personaxes, na súa configuración, tipoloxía e funcións, e no concepto de trama como espinaza do drama e do texto. Entremedias vanse analizando outros aspectos non menos fundamentais como espazos, tempos e ritmos, mais sempre vinculados a eses elementos que considera centrais.

O libro acaba por ser, como dixemos, unha magnífica proposta para á análise de textos, susceptible de ser utilizada en moi diversos contextos, entre os que deberíamos destacar os centros educativos, desde a educación secundaria á universidade.

Útil por tanto para o profesorado, pero igualmente útil para o alumnado dos niveis educativos posobrigatorios, dado que se trata dun volume escrito con rigor, precisión e claridade, o que non lle resta fondura nin complexidade. Como prólogo vai un texto de María Xosé Queizán que suscita preguntas e debates en torno ao que poden ser formas do drama e sobre as súas funcións e orientacións ideolóxicas. Teñen interese as referencias a Hanna Arendt e Bertolt Brecht, considerando a aversión que a ilustre pensadora sentía polo ilustre dramaturgo, en función da posición do artista na sociedade e da súa conduta pública e privada.